



ORDENANZA XERAL REGULADORA DOS PREZOS PUBLICOS

Artigo 1º.- FUNDAMENTO

De Conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41 da Lei 39/88, de 2/ de Decembro, este Concello establece a presente Ordenanza Xeral reguladora dos aspectos xerais e comúns a todo-los prezos públicos que se acordan establecer neste concello, e que figuran relacionados no Anexo I desta Ordenanza.

Artigo 2º.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO

1.- Estarán obrigados ó pago dos prezos públicos quen disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público en beneficio particular, ou se beneficie dos servizos ou actividades polos que deban satisfacer aqueles.

2.- Non estarán obrigados ó pago de prezos públicos as Administracións públicas polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todo-los que inmediatamente interesen a seguridade cidadán o a defensa nacional.

Artigo 3º.- FIXA CION DA CONTÍA.

1.- O importe dos prezos públicos pola prestación de servizos ou realización de actividades deberán cubrir, como mínimo, o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

2.- O importe dos prezos públicos pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público fixarase tendo como referencia o valor do mercado correspondente ou da utilidade derivada daqueles

3.- Cando se trate de prezos públicos por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, en favor das Empresas explotadoras de servizos de suministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, o importe daqueles consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, no un e medio por cento das entradas brutas procedentes da facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal ditas empresas.

4.- Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que o aconsellen, a Entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo dos límites previstos nos apartados anteriores.



Artigo 4º.- ENTIDADE E ORGANO COMPETENTE PARA FIXAR OS PREZOS PUBLICOS

1.- A fixación ou modificación da contía dos prezos públicos así como dos demais elementos variables das mesmas, a non ser que unha lei especial dispoña en contra, realizarase:

- a) Por acordo do Pleno da Corporación adoptado por maioría simple.
- b) Pola Comisión de Goberno se o Pleno delegase a competencia de acordo co disposto no artigo 48 da L.R.H.L.
- c) Polo Órgano competente dos Organismos Autónomos sempre e cando os prezos cubran o custo dos servizos a cargo de ditos Organismos e exista acordo previo de establecemento dos prezos pola Entidade Local.

A mesma atribución poderá facerse en iguais termos respecto dos Consorcios.

2.- Toda proposta de fixación ou modificación de prezos públicos deberá ir acompañada dunha Memoria económica financeira que xustificará o importe dos mesmos prezos

3.- Cando a Entidade local acorde a imposición de prezos públicos polos servizos que xestionen Organismos Autónomos ou Consorcios e atribúa estas competencias para fixar os prezos públicos, os Organismos Autónomos e os Consorcios enviarán a Entidade Local da que dependan, copia da proposta e do estudo económico do que se desprenda que os prezos públicos cobren o custo do servizo.

Artigo 5º.- NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGO

1.- A imposición inicial ou a modificación dos prezos públicos entrarán en vigor unha vez co acordo de fixación ou modificación dos prezos apareza publicado no B.O.P. e será de acordo co establecido en ditos acordos.

2.- Unha vez producida a entrada en vigor dos prezos públicos a obriga de pagar comeza dende que se inicia a prestación do servizo ou realización da actividade, ou se conceda a utilización privativa ou aproveitamento especial.

3.- Os Concellos, cando o estableza os respectivos acordos de determinación dos prezos e os demais elementos variables peculiares, poderán esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial.

Artigo 6º.- XESTION

1.- Nos prezos públicos pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local:

- a) Tratándose da primeira autorización:



- Liquidarase e esixirase o prezo público no momento da presentación da solicitude en calidade de depósito previo, se así o establece o acordo de fixación do prezo.
- Liquidarase e esixirase ó autorizarse a prestación ou realización da actividade, notificándose co acto de autorización, se así o establece o acordo de fixación do prezo.
- Se as utilizacións e os aproveitamentos realízanse sen mediar solicitude liquidarase e notificarase ó interesado o importe do prezo público, sen prexuízo das sancións e recargos que procedan.

b) Tratándose de utilizacións ou aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas esixíranse, nos períodos que determine o acordo de fixación do prezo ou, no caso, determine o Alcalde-Presidente, e no prazo de ingreso en voluntaria será de 2 meses, previa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

2.- Nos prezos públicos pola prestación de servizos ou realización de actividades.

a) Na primeira autorización de prestación do servizo ou realización da actividade:

- Liquidarase e esixirase o prezo público no momento da presentación da solicitude en calidade de depósito previo, se así o establece o acordo de fixación do prezo.
- Liquidarase e esixirase ò autorizarse a prestación ou realización da actividade, notificándose co o acto de autorización, se así o establecen o acordo de fixación do prezo.

Si se utiliza o servizo ou realización da actividade sen previa solicitude, liquidarase e notificarase ó obrigado o pago, sen prexuízo das sancións e recargos que procedan.

Se as utilizacións e aproveitamentos realízanse sen mediar solicitude liquidarase e notificarase ó interesado o importe do prezo público, sen prexuízo das sancións e recargos que procedan.

b) Tratándose de servizos ou actividades xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas esixíraselle, nos períodos que determinen o acordo de fixación do prezo ou, se é o caso, nos que determine o Alcalde-Presidente, esixíndose o seu ingreso no prazo de 2 meses a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

Artigo 7º.- COBRO

1.- Tratándose da primeira autorización:

No momento de presentar a solicitude.. Maila o anterior os Concellos poderán establecer co cobro efectúese unha vez tramitada a correspondente solicitude de autorización, previa liquidación e notificación do prezo público, nos períodos que se sinalen no acordo de fixación do prezo público ou, se é o caso, nos que determine a Alcaldía-Presidencia. O prazo de ingreso en voluntaria será un mes a partir da notificación individual que se lle practique. En todo caso, o pago ha de ser anterior a concesión da autorización.

2.- Tratándose de autorizacións xa concedidas e prorrogadas:



Esixirase o seu cobro polo sistema de padrón ou matrícula e esixirase nos períodos que se sinalen no acordo de fixación do prezo ou, se é o caso, nos períodos que determine a Alcaldía-Presidencia. O prazo de ingreso en voluntaria será de dous meses contados a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia..

3.- As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio, séndolle aplicable o disposto na normativa tributaria (Lei xeral tributaria, regulamento xeral de recadación, instrución xeral de recadación e contabilidade e demais normativas aplicables)

4.- Se a administración e cobro de prezos públicos se realiza polos Organismos Autónomo o Consorcios, unha vez transcorrido o período de pagamento en voluntaria deberán solicitar do Concello que proceda o cobro dos prezos polo procedemento de constrinximento e, con tal efecto, acompañarán a correspondente relación de debedores e os xustificantes acreditativos das xestións realizadas para o cobro en vía voluntaria.

Artigo 8º.- CONTIDO E REQUISITOS DOS ACORDOS DE FIXACION DOS PREZOS PUBLICOS

1.- A fixación da contía e demais elementos variables faranxe por acordo do Órgano competente, o que alude o artigo 4º da presente Ordenanza.

2.- O citado acordo haberá de conter as seguintes determinacións.

- a) Obrigados o pagamento. Se fora preciso introducir algún matiz ó provisto no artigo 2 da Ordenanza Xeral
- b) Bases e porcentaxes aplicables e demais elementos necesarios para determinar a súa contía.
- c) Determinación do momento de esixibilidade do prezo público e se esixe ou non depósito previo.
- d) Períodos e prazos de pago en voluntaria.
- e) Procedemento de liquidación e notificación nos supostos non previstos nesta Ordenanza Xeral.
- f) Outros aspectos que se consideren necesarios para a adecuada xestión dos prezos públicos.
- g) Normas de aplicación da clasificación de rúas por categorías.

Artigo 9º. RECURSOS.

1.- Contra os acordos de determinación ou fixación de prezos públicos procede a interposición do recurso de reposición previo ó Contencioso-Administrativo. O prazo computarase dende o día seguinte ó da publicación no B.O.P. do texto íntegro do prezo público.

2.- Contra os actos concretos da aplicación e efectividade dos prezos públicos poderán os interesados interpor o recurso de reposición previo ó Contencioso-Administrativo.



3.- A interposición destes recursos non suspenderán en ningún caso a acción administrativa para a cobranza.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

PRIMEIRA.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.

Cando por causas non imputables ó obrigado o pagamento do prezo, o servizo público, a actividade administrativa ou o dereito a utilización do dominio público non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente

SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO SUPLETORIO.

Non previsto na L.R.H.L. e na presente Ordenanza Xeral xeralle aplicable o disposto na Lei de taxas e Prezos Públicos, Lei Xeral Tributaria e demais normas que resulten de aplicación nas mesmas.

DISPOSICION FINAL

Esta Ordenanza porase en vigor o día 1 de Xaneiro de 1999 unha vez sexa publicada seu texto íntegro no B.O.P. e transcorrido o prazo previsto no artigo 65-2 da Lei 7/85, de 2 de abril.

DILIXENCIA:

Esta Ordenanza foi aprobada inicialmente polo Concello Pleno en sesión do 31-10-89.

Anunciouse en exposición pública por un tempo de 30 días, os efectos de reclamacións mediante edictos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, no B.O.P.nº 261 de 09-11-89.

Durante o período de exposición pública que rematou o 18-12-89 non se presentaron reclamacións, elevándose automaticamente a definitiva a aprobación inicial..

O texto íntegro da Ordenanza publicouse no B.O.P. nº 301 de 29 de Decembro de 1989.



ORDENANZA XERAL REGULADORA DOS PREZOS PUBLICOS

A N E X O

Clasificación por categorías das rúas.

<u>Categoría</u>	<u>Denominación</u>
1º	Xardíns, prazas, praias e inmediacións do Mercado de Marín
2º	Restantes rúas do casco urbano de Marín
3º	Resto do termo municipal